



R renova o acordo coa APD para lles achegar valor e axuda ás empresas galegas tamén tras a pandemia

- *R prosegue en Galicia a súa colaboración coa Asociación para o Progreso da Dirección, impulsando actividades que lle xeren valor á comunidade empresarial tamén na nova etapa de recuperación tras a crise sanitaria.*
- *A Directora da Asociación para o Progreso da Dirección da zona Noroeste e o Director de R asinaron esta mañá a renovación do acordo nas oficinas do operador galego na Coruña.*
- *Asociación e operadora ratifican, un ano máis, a súa confianza mutua compromiso compartido a prol da formación e do intercambio de experiencias entre as empresas e os/as seus/súas expertos/as.*
- *O novo acordo case coincide no tempo co recente nomeamento do director de R, Alfredo Ramos, como novo membro do Consello da Asociación para o Progreso da Dirección da zona Noroeste.*

Xoves, 10 de marzo de 2022.- Ana Sánchez, Directora da Asociación para o Progreso da Dirección da zona Noroeste e Alfredo Ramos, director de R asinaron esta mañá a renovación do acordo de colaboración entre as dúas entidades na sede do operador galego na Coruña. Con este novo convenio actualízase a confianza e a aposta que xa viñan desenvolvendo empresa e asociación en aras do desenvolvemento de iniciativas orientadas a xerar valor nos membros da comunidade empresarial e, polo tanto, nas propias compañías.

Transformación dixital sostible: servizos pensados para as persoas

Alfredo Ramos salientou que se trata de “*renovar o compromiso de colaboración de R no intercambio de experiencias e na formación dos directivos das empresas galegas. Sobre todo nun momento postpandémico que esixe máis ca nunca sostibilidade, resiliencia e rexeneración, dándolle o pulo definitivo á transformación dixital do noso tecido empresarial. Falamos, en suma, dunha transformación dixital sostible e de **servizos de telecomunicacións pensados por e para as persoas**”.*

Pola súa banda Ana Sánchez, directora de APD zona Noroeste, fixo fincapé en que *“impulsar estas colaboracións para poñer en marcha encontros que favorezan o ‘networking’ e a xeración de oportunidades, resulta fundamental para dar un salto na calidade directiva. Máis aínda nun contexto de incertidume e de transformación como é o actual. É a forma de que as empresas melloren a súa competitividade, xerando sinerxias que redunden no beneficio da comunidade empresarial, nos/as seus/súas directivos/as e, por ende, na sociedade.*

A firma do acordo referenda o compromiso de **R** coa contorna empresarial do territorio, máis aló da actividade institucional, e a aposta conxunta coa APD por promover o **intercambio de coñecementos e experiencias** das persoas que desenvolven tarefas de alta dirección nas empresas. Un obxectivo extensible tanto a entidades privadas como públicas e tendo en conta a profesionais que interveñan directamente ou de maneira delegada no goberno ou administración das compañías e organismos.

Propostas para os desafíos da nova era dixital

Entre as actividades que se van desenvolver en Galicia neste novo treito de colaboración **R-APD** destaca o **xantar-coloquio do Club CEO** destinado á alta dirección das empresas. Nestas xuntanzas ofrecerase o relatorio dun CEO arredor dun tema de actualidade empresarial ou novas tecnoloxías e dixitalización.

Celebrarase tamén un **encontro APD-Talks sobre tecnoloxía e negocio**, nesa mesma liña de fomento do contacto con expertos en foros onde se discuten solucións a retos do mundo actual; á vez compartiranse ferramentas e coñecementos de acceso ás tendencias que están a cambiar as persoas e, polo tanto, as empresas.

Alfredo Ramos, novo conselleiro da APD do Noroeste

A revaiidación deste convenio entre a Asociación e máis **R** ratifícase pouco despois do nomeamento do director de **R**, Alfredo Ramos, como novo membro do Consello da Asociación para o Progreso da Dirección da zona Noroeste, xunto a Francisco Botas, Conselleiro Delegado de Abanca. Así mesmo, Eva Rodríguez -que era presidenta da APD en Asturias- pasa a ocupar o posto de vicepresidenta da APD no Noroeste e Pablo Junceda, presidente de Honra da APD en Asturias será agora vogal do Consello.

sobre APD

A Asociación para o Progreso da Dirección (APD), creada en 1956, é unha entidade privada e independente, sen ánimo de lucro e de ámbito internacional. Con máis de 3.800 empresas socias en seis países e presenza en todo o territorio nacional, a súa visión é a de chegar a ser a comunidade global de directivos máis influente e xeradora de coñecemento e ‘networking’ para o desenvolvemento da sociedade.

sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda ancha e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Coma marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, **R** é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego, que na actualidade presta servizo a arredor de 260.000 clientes/as entre residenciais e empresas, atópase en pleno proceso de modernización da súa infraestrutura. Todos/as os/as seus/súas clientes/as disporán este ano da rede de fibra e 5G máis rápida e moderna de España, con posibles accesos de ata 10 xigas simétricos, para situar a Galicia entre as rexións máis avanzadas de Europa en tecnoloxía e infraestruturas de telecomunicacións. (R.gal).

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal